



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

sede.ponteceso.gal
www.ponteceso.gal

REL:01150682
RELG:MU2000/15

BASES DO PROGRAMA RESPIRA 2025

O Departamento de Servizos sociais do Concello de Ponteceso organiza o Programa Respira co obxectivo de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación da vida persoal, laboral e familiar mediante a realización de actividades educativas e lúdicas dirixidas a nenas e nenos durante o período vacacional escolar dos meses de xullo e agosto.

1.- DESTINATARIOS/AS:

Menores escolarizados/as en educación infantil e primaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, que estean empadroados/as no Concello de Ponteceso.

De quedar prazas vacantes, adxudicaranse ás persoas non empadroadas por orde de presentación das solicitudes, ata completar o número total disponible.

2.- TEMPORALIZACIÓN E LUGAR DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA:

O Programa Respira desenvolverase a través de 4 campamentos en 4 parroquias do Concello de Ponteceso nos que as 95 prazas, distribuiranse do seguinte xeito:

* A Campara: 30 prazas

* Corme: 15 prazas

* Pazos: 20 prazas

* Ponteceso: 30 prazas.

Horario: de luns a venres de 09:30h a 13:30h.

Lugar:

* A Campara: Local social

* Corme: Pavillón municipal

* Pazos: Local social

* Ponteceso: Edificio das Escolas

3.-INSCRICIÓNS E DOCUMENTACIÓN:

As inscricións faranse de forma presencial ou a través da sede electrónica do Concello de Ponteceso.

O prazo para presentar as solicitudes será do 2 ao 13 de xuño, ambos incluídos.

A comprobación do empadramento no Concello de Ponteceso farase de oficio polos servizos municipais.

A admisión dos/as menores no programa farase, cumpridos os requisitos de idade e empadramento, por rigoroso orde de inscrición ata cubrir as prazas dispoñibles.

No suposto de que as prazas non sexan ocupadas na súa totalidade por persoas empadroadas, adxudicaranse a menores non empadroadas/as, por orde de inscrición.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que, se faltan 5 días sin xustificación, eso significará a perda da mesma.

4.-NORMAS DE FUNCIONAMENTO E OBSERVACIÓNS:

Prégase puntualidade na entrega e recollida dos/as menores.

Os/as participantes deben acudir con roupa cómoda e calzado, preferentemente, deportivo.

Os/as nenos/as deben levar tódolos días unha mochila cunha botella de auga, un paquete de panos de papel, unha gorra e protector solar(primeira aplicación na casa) e unha pequena merenda para tomar a media mañá.

Non están permitidos os aparellos electrónicos, videoxogos, móbiles...

As/os nais/pais ou titores/as deben ter o teléfono operativo durante o horario do programa Respira (de 09:30h a 13.30h).

Os/as menores non acudirán as actividades no caso de ter fiebre,diarrea,vómitos ou enfermidades ou procesos infecto-contaxiosos.

As baixas no programa deben ser comunicadas á educadora familiar (teléf.: 881 983 223)

A formalización da inscrición implica a aceptación das normas que rexen esta actividade e os cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.

Ponteceso, na data da sinatura dixital

A educadora familiar

M^a Dolores Blanco Verdía

